



ANPA O Forte
CPIP Antonio Orza Couto

- **Plan de actividades extraescolares da ANPA “O FORTE” do CPIP Antonio Orza Couto para o curso 2021-2022.**
- **Plan de Continxencia para as Actividades Extraescolares do curso 2021-2022.**



CPIP Antonio Orza Couto
O Forte s/n
15881 Boqueixón
Tlf. 881 866 781
anpadoforte@gmail.com

CONTIDO

Plan de actividades extraescolares da ANPA "O FORTE" do CPIP Antonio Orza Couto para o curso 2021-2022.	2
Plan de Continxencia para as Actividades Extraescolares do curso 2021-2022.	6
Acta de Entrega do Plan de Actividades Extraescolares da ANPA "O FORTE" do CPIP Antonio Orza Couto e do Plan de Continxencia para as Actividades Extraescolares do curso 2021-2022 ás empresas externas encargadas de impartir as Actividades Extraescolares.	13
Anexos	
Anexo 1: Equipo Covid ANPA "O Forte" curso 2021-2022	14



CPIP Antonio Orza Couto
O Forte s/n
15881 Boqueixón
Tlf. 881 866 781
anpadoforte@gmail.com

Plan de actividades extraescolares da ANPA “O FORTE” do CPIP Antonio Orza Couto para o curso 2021-2022.

As actividades extraescolares forman parte da vida ordinaria dun centro educativo, algunhas son realizadas polo propio centro dun xeito directo, e outras adoita organizalas a ANPA como parte da súa actividade cotián de colaboración na vida escolar e de participación das familias na comunidade educativa.

Este curso 2021-2022, terceiro da pandemia da COVID-19, debera ser tamén un curso de normalización da realidade que nos toca vivir; unha realidade que ten que contemplar a presenza do coronavirus, pero que non pode continuar paralizano a vida das nosas fillas e fillos baixo a pretensión de que todo pode ficar apartado indefinidamente en tanto non se venza a enfermidade, tal e como non está a ocorrer coa propia vida académica e social, que cada día avanza máis cara á convivencia organizada e segura.

Por iso, esta asociación ten a pretensión de traballar na recuperación dos costumes e prácticas precedentes á pandemia, deseñando lugares de xogo, de comunicación e de convivencia entre as nenas e nenos do nos colexio, facilitándolles a vida en común e a relación entre iguais, e tamén creando para elas un espazo de seguridade e comodidade nas súas horas non lectivas; con esa pretensión programaremos as seguintes actividades e horarios dirixidas ao noso alumnado:

1. Actividade **DANZA MODERNA**, en horario de **15:30 a 16:20 e 16:30 a 17:20**, os **mércres** de cada semana, que se realizará no **Ximnasio**, e que utilizarán os baños situados **na mesma dependencia. Para todos os alumnos/as de Secundaria.**



CPIP Antonio Orza Couto
O Forte s/n
15881 Boqueixón
Tlf. 881 866 781
anpadoforte@gmail.com

2. Actividade **ZUMBA KIDS**, en horario de **15:30 a 16:20 e 16:30 a 17:20**, os **martes e xoves** de cada semana, que se realizará no **Ximnasio**, e que utilizarán os baños situados **na mesma dependencia. Para todos os alumnos/as de Primaria.**

3. Actividade **ESCOLA DE JUDO**, en horario de **15:30 a 16:20**, os **martes e xoves** de cada semana, que se realizará no **Ximnasio**, e que utilizarán os baños situados **na mesma dependencia. Para todos os alumnos/as.**

4. Actividade **ESCOLA DE NOVAS TECNOLOXÍAS**, en horario de **14:30 a 15:20 e 15:30 a 16:20**, os **venres** de cada semana, que se realizará na **Aula de informática de Primaria**, e que utilizarán os baños situados **na planta baixa do edificio de Primaria. Para os alumnos/as de 1º, 2º e 3º de Primaria ás 15.30 e para os alumnos/as de 4º, 5º e 6º de Primaria ás 14.30.**

5. . Actividade **ESCOLA DE PANDEIRETA**, en horario de **14:30 a 15:20 e 15:30 a 16:20**, os **mércores** de cada semana, que se realizará na **Aula da Xefatura de Primaria** e que utilizarán os baños situados **na planta baixa do edificio de Primaria. Para os alumnos/as de Infantil e 1º e 2º de Primaria ás 14.30 e para os alumnos/as de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria ás 15.30.**

6. Actividade **ESCOLA DEPORTIVA (Psicomotricidade e Multideporte)**, en horario de **14:30 a 15:20**, os **martes e xoves** de cada semana, que se realizará no **Pavillón de deportes**, e que utilizarán os baños situados **na mesma dependencia. Psicomotricidade para os alumnos/as de Infantil, 1º, 2º e 3º de Primaria os xoves e Multideporte para os alumnos/as de 4º, 5º e 6º de Primaria os martes.**



CPIP Antonio Orza Couto
O Forte s/n
15881 Boqueixón
Tlf. 881 866 781
anpadoforte@gmail.com

7. Actividade **MANUALIDADES**, en horario de **14:30 a 15:20**, os **lúns** de cada semana, que se realizará na **Aula da Xefatura de Primaria** e que utilizarán os baños situados **na planta baixa do edificio de Primaria**. Para os **alumnos/as de Infantil, 1º e 2º de Primaria**.

Por outra parte, e coa intención de favorecer a volta das familias á participación no centro escolar, temos a intención de realizar as seguintes actuacións, e nas seguintes datas aproximadas, dentro do curso escolar 2021-2022:

Aulas complementarias

Consisten en diferentes charlas, obradoiros e cursos para a poboación infantil e adulta co obxectivo de concienciar e dar a coñecer as problemáticas e realidades actuais. Entre elas atopamos:

- **Charlas de Sexoloxía para familias.**
- **Mellora da Autoestima e Prevención do Bullying.**
- **Defensa Persoal feminina.**
- **Problemas das Redes Sociais na xente moza.**
- **Charlas sobre Saúde Comunitaria.**

(Non podemos confirmar as datas porque estas charlas están en estudo e aínda non se fixo a planificación. Cando se programen modificarase este protocolo indicando as datas e espazos onde se van a realizar segundo as necesidades).

Para a organización destas actividades é imprescindible contar cunha ferramenta que garanta a seguridade de todas as usuarias e do persoal que as atenda; e que tamén fixe o marco de actuación das actividades da ANPA dentro do conxunto das actividades do centro



CPIP Antonio Orza Couto
O Forte s/n
15881 Boqueixón
Tlf. 881 866 781
anpadoforte@gmail.com

escolar aos efectos do que establece o Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galiza para o curso 2021-2022, que, concretamente, establece no seu apartado 12.1: *“A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos, está condicionada á aprobación dun protocolo que se integrará como anexo no “Plan de adaptación á situación Covid-19 no curso 2021/2022” e de acordo co Anexo VI. O dito protocolo determinará as medidas de prevención e protección fronte á Covid e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras.*

Asignaranse postos fixos ao alumnado para todo o curso escolar co obxectivo de mellorar de realizar unha mellor trazabilidade dos contactos.

Este protocolo axustarase ao previsto no dito Anexo VI sobre actividades extraescolares e complementarias deste documento”.



CPIP Antonio Orza Couto
O Forte s/n
15881 Boqueixón
Tlf. 881 866 781
anpadoforte@gmail.com

PLAN DE CONTINXENCIA PARA AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CURSO 2021-2022

Feito de acordo co previsto no devandito Anexo VI, a **ANPA "O FORTE" do CPIP Antonio Orza Couto** fai este plan.

NORMAS ORGANIZATIVAS PREVIAS

Serán usuarias das actividades extraescolares da **ANPA "O FORTE"** as alumnas e alumnos do **centro escolar CPIP Antonio Orza Couto (Boqueixón)** que desexen participar nas mesmas, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a. Traer asinada, por partes das súas nais-pais-titoras ou titores unha declaración de responsabilidade na que se comprometan a valorar e respectar as seguintes indicacións:
 - i. Realizar a enquisa de autoavaliación prevista no "protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022" e non acudir á actividade de acordo co que a mesma estableza.
 - ii. Informar ao persoal monitor, e á persoa de contacto da ANPA, no caso de que se dea algunha das circunstancias previstas na enquisa de avaliación, para o seu coñecemento. O persoal monitor dará inmediato traslado ao centro educativo (**tlf. 881 866781 e c.e.: cpi.antonio.orza.couto@edu.xunta.es**) quen o porá en coñecemento do Equipo Covid.

- iii. O alumno-a debe vir provisto da máscara, que será obrigatoria para os maiores de 6 anos, e recomendábel para menores de 3 a 5 anos (agás de que o centro teña establecido a súa obriga nas horas lectivas, en cuxo caso se continuará co mesmo criterio que o que manteña o centro escolar). Sempre facendo excepción dos casos de exención legalmente previstos e acreditados por informe sanitario. As persoas asistentes deberán traer tamén unha segunda máscara de reposto nun estoxo axeitado.

Porén, a ANPA disporá en todas as actividades das máscaras de reposto non reutilizables que poidan necesitarse para cubrir casos de necesidade.

- iv. En ningún caso se permitirá a entrada nas actividades a outras persoas que non sexan o persoal monitor, o alumnado, e a persoa ou persoas en quen a ANPA delegue a función de control e seguimento de cadansúa actividade. Tampouco se permitirá a presenza de persoas nos lugares de actividade cando esta teña rematado.

NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

1. Limpeza e desinfección: a empresa contratada pola ANPA para a realización das actividades encargarse tamén da limpeza das dependencias do centro utilizadas para o seu desenvolvemento, así como da moblaxe e utensilios empregadas. Esta limpeza realizarase cando remate a actividade.
2. A limpeza dos baños e aseos indicados para o uso de cada actividade será levada a cabo polo persoal de limpeza dos centros escolares.
3. Ventilación: ventilaranse as dependencias utilizadas durante os primeiros e últimos cinco minutos nos que se realice cada actividade, e permanecerán ventilándose nos tempos nos que o espazo estea baleiro como consecuencia dos intercambios de alumnado. Este

tempo mínimo poderá incrementarse no caso de que a configuración das dependencias utilizadas, ou o tipo de actividade así o aconselle.

4. As actividades realizaranse durante todo o curso escolar nas mesmas dependencias, que se concretan no plan de actividades da asociación, e utilizarán os baños que alí se indican, agás de que a conveniencia organizativa do centro faga aconsellábel un cambio. De existir este cambio, entenderase que esa será a nova localización da actividade dende ese momento.
5. Cando de xeito puntual non puidera empregarse a dependencia asignada, e logo de que o centro escolar comunique a necesidade de utilizar outra localización, farase un rexistro específico deste cambio subliñando as datas e lugares onde se produciu, indicando tamén cales son as modificacións que provocou na disposición do alumnado.
6. Inicialmente, prevese un máximo de 15 nenos-as por espazo e actividade, sempre que así o permita o normativa sanitaria vixente en cada momento; nomeadamente no que atinxa a distancia aprobada entre diferentes grupos de convivencia estábel, que neste momento está fixada en 1,5 metros; e que o número destes grupos asistente e a idade das súas integrantes á actividade permita o control desta distancia entre elas.
7. En todo caso, e de acordo coas instrucións que establece o protocolo, a ANPA limitaráa 10 nenos ou nenas o máximo de participantes cando sexan actividades dirixidas a alumnado menor de 8 anos.
8. Todos os grupos de actividades teñen a pretensión de estabilidade, tanto de alumnado como de monitores, durante o curso académico, realizándose unha matrícula inicial que dará lugar a un rexistro básico no que permanentemente hanse ir anotando as posíbeis variacións de altas e/ou baixas
9. Levarase un rexistro do alumnado que asiste a cada sesión de cadansúa actividade. A responsabilidade de todos os rexistros corresponderalle á empresa que se contrate para a organización de cadansúa actividade. A ANPA levará un control de seguimento da existencia e actualización destes rexistros.
10. A composición do alumnado de cadansúa actividade realizarase procurando agrupalo por idades similares, e mesmo, de ser posíbel, por cursos ou ciclos. En calquera caso,

sempre que o alumnado pertenza a diferentes grupos de convivencia estábel manterase a distancia entre eles que marque a normativa sanitaria vixente.

11. Procurarase que non exista material compartido entre o alumnado; e no caso de ter que o facer, o persoal monitor hixienizará especificamente ese material antes de que sexa utilizado por outro alumno-a

NORMAS RELATIVAS Á DURACIÓN E ÁS ENTRADAS E SAÍDAS DA ACTIVIDADE

1. O alumnado entrará no centro pola **porta principal que accede aos edificios de Infantil e Primaria e a porta principal que accede ao edificio de Secundaria**, e sairá do mesmo **polas mesmas portas**.
2. As actividades extraescolares terán unha duración de **50 minutos**. Comezarán cinco minutos despois da hora de recollida do alumnado, aos **50 minutos** de duración levarase ao alumnado ao punto que se indicou na aliña 1 deste apartado, onde será recollido polas persoas autorizadas para abandonar o centro escolar. No caso de que un/ha menor non sexa recollido-o á hora revista, o persoal monitor informará ao responsable do centro presente nese momento quen se fará cargo del/a ata a chegada do adulto responsable.
3. No caso daquel que se incorpore despois a outra actividade na que estea matriculada/o, será entregado á persoa monitora da seguinte actividade nos seguintes lugares:
 - o **No exterior, diante da entrada principal do edificio de Infantil, os nenos/as de Infantil e 1º e 2º de Primaria.**
 - o **No exterior, diante da entrada principal do edificio de Primaria, os nenos/as de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria.**
 - o **No exterior, diante da entrada principal do edificio de Secundaria, os nenos/as de 1º, 2º, 3º e 4º de Secundaria.**
4. Como se indicou anteriormente, nese período de non actividade a dependencia utilizada para impartir a actividade permanecerá ventilada.



CPIP Antonio Orza Couto
O Forte s/n
15881 Boqueixón
Tlf. 881 866 781
anpadoforte@gmail.com

5. A persoa encargada da recollida e entrega do alumnado será a monitora ou monitor que se encargue da actividade saínte ou entrante. Os horarios de saída e entrada non son coincidentes coa pretensión de evitar a acumulación de persoas no caso de que non haxa outra opción máis ca de utilizar unha única porta de saída e entrada do edificio escolar.

NORMAS RELATIVAS Á UTILIZACION DOS ESPAZOS

1. Cada actividade utilizará as dependencias, baños, entradas e saídas que teña establecidas no plan de actividades da ANPA coas seguintes peculiaridades:
 - a. Uso de xel hidroalcohólico: a ANPA disporá deste produto no acceso as dependencias onde se realice a actividade, que o alumnado utilizará nas entradas e saídas da mesma, ben polo seu inicio ou remate, ou ben porque ter utilizado os aseos correspondentes. O uso do xel queda restrinxido ao alumnado de primaria, e será controlado directamente polo persoal monitor da actividade. No caso do alumnado de infantil a limpeza de mans limitarase ao uso de auga e xabón.
 - b. Os aseos, que terán o control de aforo que permita a lexislación vixente, permitirán o lavado de mans con auga e xabón cando menos durante 40 segundos cando estean visiblemente sucias.
 - c. Cada espazo destinado á realización de actividades contará cunha zona delimitada para que o alumnado garde os seus obxectos persoais. Esta zona será a mesma durante todo o curso e informarase ao centro da súa localización permanente.



CPIP Antonio Orza Couto
O Forte s/n
15881 Boqueixón
Tlf. 881 866 781
anpadoforte@gmail.com

NORMAS RELATIVAS A POSÍBEIS SÍNTOMAS OU CONTAXIOS DURANTE A ACTIVIDADE

No caso de detectarse síntomas nunha persoa participante durante a actividade:

1. Se fose un alumno ou alumna: o persoal monitor encargado procurará o máximo distanciamento da persoa con síntomas en relación co resto do alumnado presente, asegurando que manteña posta en todo momento a máscara.
2. Avisarase inmediatamente ás persoas responsábeis do alumnado para a súa recollida e seguimento sanitario de acordo co protocolo covid establecido para o alumnado.
3. Avisarase igualmente á persoa de contacto da ANPA, e á persoa responsábel COVID do centro escolar de acordo coa fórmula que previamente se acordara de comunicación.
4. Facilitarase a información do alumnado acompañante, da súa posición en relación ao posto que ocupara a persoa presuntamente sintomática, e calquera outra que se solicite por parte do centro escolar e/ou as autoridades sanitarias.

No caso de detección de síntomas sobrevidos nunha persoa monitora:

1. Situarase nun punto do espazo da actividade que resulte da maior distancia posíbel co alumnado.
2. Chamará inmediatamente á persoa responsábel da súa empresa que poida substituíla; no caso de non contar con esa persoa, chamará á persoa de contacto indicada pola ANPA en cadansúa actividade.
3. Avisarase ás familias para que veñan a recoller ás súas crianzas á maior brevidade
4. Informará, directamente ou a través da persoa de contacto da ANPA, ao centro escolar do posíbel contaxio.
5. Continuará cos requirimentos sanitarios que cumpran, segundo o que decida o persoal sanitario correspondente.



CPIP Antonio Orza Couto
O Forte s/n
15881 Boqueixón
Tlf. 881 866 781
anpadoforte@gmail.com

NORMAS RELATIVAS Á CANCELACIÓN DE ACTIVIDADES

Todas as actividades extraescolares da ANPA están suxeitas á evolución da pandemia da COVID-19, e no seu desenvolvemento terán como primeira consideración o respecto á realidade sanitaria de cada momento.

Dende ese punto de vista, no momento no que se sospeite que unha persoa participante dunha actividade poida estar contaxiada polo coronavirus, a actividade suspenderase até que se poida ter a seguranza de a retomar sen riscos.

A empresa contratada para a realización da actividade será a responsable de informar ás familias de esta posible situación, aínda que manterá en todo momento informada á persoa de contacto da ANPA, quen, á súa vez, informará á responsábel COVID do centro escolar.

Disposición última: as empresas contratadas para a xestión das actividades extraescolares asinarán expresamente, xunto co seu persoal contratado no caso de non ser empresas unipersoais, este plan de continxencia, o que será compromiso do seu coñecemento e garantía da súa responsabilidade no cumprimento.

No caso de que algunha das empresas desexe elaborar un protocolo de actuación propio, e sempre que este supoña manter un maior control en calquera dos aspectos explicados, ou nalgún aspecto novidoso non contemplado neste documento, ese documento presentarse ao Consello Escolar do centro para a súa incorporación ao protocolo de adaptación ao COVID-19 do centro escolar.



CPIP Antonio Orza Couto
O Forte s/n
15881 Boqueixón
Tlf. 881 866 781
anpadoforte@gmail.com

**ACTA DE ENTREGA DO PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DA ANPA
“O FORTE” DO CPIP ANTONIO ORZA COUTO E DO PLAN DE CONTINXENCIA
PARA AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CURSO 2021-2022 ÁS
EMPRESAS EXTERNAS ENCARGADAS DE IMPARTIR AS ACTIVIDADES
EXTRAESCOLARES**

NOME *E*

APELIDOS:

DNI:

EMPRESA:

ACTIVIDADE:

HORARIO:

Recibe por parte da Xunta directiva da ANPA “O FORTE” do CPIP Antonio Orza Couto de Boqueixón: (marcar)

O PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DA ANPA “O FORTE” DO CPIP ANTONIO ORZA COUTO PARA O CURSO 2021-2022

O PLAN DE CONTINXENCIA PARA AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CURSO 2021-2022

Asina a súa recollida como compromiso do seu coñecemento e garantía da súa responsabilidade no cumprimento.

Boqueixón, a de de 2021



CPIP Antonio Orza Couto
O Forte s/n
15881 Boqueixón
Tlf. 881 866 781
anpadoforte@gmail.com

(rúbrica, nome e apelidos)

ANEXOS

ANEXO 1

Equipo Covid ANPA “O Forte” curso 2021-2022

Marta Redondo Sinde	Presidenta	606 268 908
Alba González Lorenzo	Secretaria	678 568 825
Ana Meca Juncal	Vocal	629 458 719
Paula Miranda Santasmarinas	Vocal	618 841 215